

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024781	IES do Barral	Ponteareas	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	2ª Lingua estranxeira - Portugués	1º ESO	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	11
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

## 1. Introducción

A materia de portugués ten como finalidade contribuír, directa ou indirectamente, á consecución das competencias clave recoñecidas pola lexislación vixente, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Esta materia é a primeira vez que a cursan os alumnos matriculados nela e isto representa un reto para o profesorado, será unha materia que dará, en principio, moi rápida satisfacción por conseguir resultados bastante inmediatos e , en etapas máis avanzadas, aumentarán progresivamente as dificultades tanto na comprensión como na expresión.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Eu e a minha família	Nesta unidade aprendemos a falar de cada un de nós e das persoas que temos máis próximas. Da mesma maneira introducimos os gostos, os animais de estimación, e as tradicións familiares da época: día do pão-por-deus, o día do magusto e o natal en Portugal	20	22	X		
2	O meu espazo	Nesta unidade traballamos os espazos do cotián: a casa, a escola, a cidade, a aldea, o barrio así como as rutinas de cada día. Atendendo novamente ás tradicións do calendario como o ano novo e o carnaval.	30	27		X	
3	Eu e os meus planos	Nesta unidade traballamos planos de futuro a curto prazo; como desprazamentos, desexos simples, planificación de actividades ou de vacacións	50	21			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Eu e a minha família	22

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Utilización de textos orais con informacións básicas de datos persoais	PE	70
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital.	Preencher formularios de diferentes tipo con informacións básicas do ámbito cotián		
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Escribir pequenos texto de interacción onde se intercambien informacións persoais		
CA1.11 - Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.	Textos escritos do ámbito cotián con información persoal de terceiras persoas		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Observación das clases das actitudes de respecto ou ausencia deste durante as intervencións dos demais	TI	30
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Observación das estratexias de cada quen para poder concluir canto sabe ou que recursos pode utilizar coas linguas que xa coñece para chegar á lingua portuguesa		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Uso diario na sala de aulas das fórmulas básicas de relacións sociais e de cortesía		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados.</li> <li>- Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas.</li> <li>- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).</li> <li>- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.</li> <li>- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.</li> <li>- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> <li>- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	O meu espaço	27

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Comprensión de textos orais relativos a rutinas e a casa	PE	30
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente.	Comprensión de textos orais con descrições de vivendas para diferentes tipos de familias e diferentes rentas, así como identificar fotografías con descrições de espazos		
CA1.5 - Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Elaboración do horario de rutinas semanal	TI	70
CA1.9 - Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar.	Intercambiar información cos demais sobre as súas rutinas e as súas vivendas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Observación na sala de aula para a detección de necesidades e de fortalezas para a comunicación espontánea, o pedido de axuda ou o esclarecemento de dúbidas		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Observación na sala de aulas dos recursos utilizados por cada quen para solventar dúbidas		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Observación dina sala de aulas do proceso individual para a procura de solucións		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.	Observación na sala de aula do respecto e curiosidade ao coñecer os hábitos doutros lugares, como por exemplo os horarios de Portugal		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participación en grupo e de maneira colectiva no proxecto "A miña contorna" co departamento de inglés e francés		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido).</li> <li>- Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos).</li> <li>- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.</li> <li>- Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.</li> <li>- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).</li> <li>- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</li> <li>- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.</li> <li>- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.</li> </ul>

## Contidos

- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.

UD	Título da UD	Duración
3	Eu e os meus planos	21

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Composición dun texto escrito dirixido a alguén coñecido onde se contén os plans para o próximo fin de semana	PE	30
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Observación das producións orais	TI	70
CA1.8 - Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Observación das producións orais		
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Observación das producións orais e escritas espontaneas na aula		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menú, prezos, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Observación das producións orais e escritas onde se faga mediación da información presentada previamente		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Táboas de indicadores do proceso elaboradas pola docente		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Observación das produccions orais e escritas onde se mostre interese e respecto pola diversidade cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día).</li> <li>- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.</li> <li>- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.</li> <li>- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> <li>- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</li> <li>- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.</li> <li>- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Avogamos por un método demostrativo máis que expositivo; aínda que somos conscientes de que nalgún momento este tamén será empregado. Na medida do posible evitaremos o coñecido como *¿clases maxistrals¿* en favor doutros métodos.

Para a consecución dalgúns obxectivos tamén faremos uso do método interrogativo e de descubrimento para que o profesorado exerza máis de guía que de mero transmisor dos coñecementos. O alumnado tentará acadar os coñecementos grazas ao seu traballo. A metodoloxía utilizada dentro da aula será fundamentalmente práctica, e trasladaranse ao alumnado as nocións teóricas pertinentes en cada caso. Partindo de textos de diferente tipoloxía (literarios e non literarios) faranse actividades de lectura, de comprensión oral e escrita, de produción, de identificación e de análise textual.

Usaranse distintas técnicas dentro da aula para unha maior comprensión dos contidos: potenciarase o traballo individual e/ou en grupo e a participación activa do alumnado; impulsaranse os hábitos de convivencia, respecto, participación e tolerancia e usarase o portugués de forma oral e escrita na actividade diaria. Tamén se fomentará a investigación por parte do alumnado a través de distintas fontes de información e o achegamento ás novas tecnoloxías.

Realizaranse distintas actividades na aula de forma individual e/ou en pequeno grupo relacionados cos bloques de contidos e cos obxectivos que se pretende conseguir

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos

Materiais e recursos didácticos. Edixgal

O material co se traballará diariamente na clase será, maioritariamente, elaborado pola docente ou extraído de manuais de referencia, en tal caso, non teremos libro de texto obrigatorio en ningún nivel da ESO e si teremos como libros de referencia os dispoñibles na biblioteca e no departamento do instituto.

Entregaráselle ao alumnado material en fotocopia e tamén en formato electrónico, referido aos distintos bloques de contidos. Utilizaranse cando se precisen, dicionarios de portugués, de sinónimos ou de dúbidas e diferentes recursos que ofrecen as bibliotecas e/ou as TIC.

As novas tecnoloxías tamén estarán presentes nos distintos niveis da ESO. Está implantado o Proxecto ABALAR en todos os niveis da ESO e favorece o emprego das novas tecnoloxías na aprendizaxe da materia, apesar de non existir material previo da asignatura Segunda Lingua Estranxeira: Portugués, a profesora, na medida do posible, irá construíndo este material para disposición dos alumnos e alumnas da ESO.

O uso das TIC tórnase indispensable no presente curso escolar, onde se barallan diferentes contextos en relación á presencialidade do alumnado. Desta maneira a profesora deberá asegurar que todos os alumnos e alumnas teñan coñecemento e hábito no manexo das novas tecnoloxías, saibam acceder ás plataformas online e saiban realizar as tarefas dende alí propostas.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros 15 de clase levarase a cabo a avaliación inicial que servirá para detectar necesidades específicas entre o alumnado, mais, nomeadamente na nosa materia, servirá para establecer o punto de partida de cada quen; sendo para a maioría o primeiro contacto coa lingua portuguesa haberá diferentes niveis de contacto dependendo das situacións individuais (familiares, viaxes, contacto social...etc)

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>30</b>	<b>50</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	30	30	<b>38</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	70	70	<b>62</b>

**Criterios de cualificación:**

Neste apartado referímonos aos xa especificados anteriormente

### Criterios de recuperación:

A materia de SLE Português é de avaliación continua e progresiva

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao ser esta unha materia de primeiro ano non consta como pendente de anos anteriores. Si pode existir alguén en 2ºESO con pendente SLE-Português e nesta caso, se estivese cursando a materia en 2º tería superada a de 1º superando a materia de 2º; en caso de non estar matriculado/a terá que facer un boletín elaborado pola docente

### 6. Medidas de atención á diversidade

A nosa é unha programación aberta a todo tipo de atencións a diversidades e circunstancias imprevistas colectivas e individuais; e ten a capacidade de se adaptar a diferentes realidades. Sempre en colaboración estreita co equipo de orientación e a persoa titora do grupo. Seguranse as instrucións dadas polos equipos responsables

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora		X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita		X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	
ET.4 - Tecnoloxías da información e comunicación			X
ET.5 - Educación cívica	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - Resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.8 - Espírito emprendedor			X
ET.9 - Valores	X	X	X

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día do Pão por Deus	Elaboración manual dos sacos de pedidos do pão			
natal	Colaboración na decoración de nadal			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Video: o portugués abriu-me um mundo!	Vídeo promocional do ensino do portugués para as escolas de primaria			

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O nivel de dificultade, en xeral, foi adecuado ás características do alumnado.
As actividades para desenvolver a competencia oral eran axeitadas para o curso-grupo
Combinouse adecuadamente explicación por parte da profesora e práctica.
. As actividades foron, en xeral, motivadoras
O emprego de música e de vídeos-musicais axudou no proceso de aprendizaxe

#### Descrición:

Grella

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Levarase un seguemento do cumprimento da programación de maneira mensual, así como se irán recollendo as propostas de mellora do documento e a avaliación do mesmo

## 9. Outros apartados